

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

9607 *Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.*

A disposición derradeira terceira da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, modificou o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, no sentido de introducir diversas modificacións na regulación da clasificación de empresas, así como na acreditación tanto na solvencia económica e financeira como na solvencia técnica ou profesional exigible para contratar coas administracións públicas, e remitiu determinados aspectos daquela a un posterior desenvolvemento regulamentario.

En relación coa clasificación para os contratos de obras, a lei establece en 500.000 euros o limiar de existencia de clasificación, e establece igualmente que, para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior á dita cifra, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exigidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato, e remite a desenvolvemento regulamentario o establecemento dos requisitos e dos medios que, na falta do indicado nos pregos, operarán en función da natureza, do obxecto e do valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que, se é o caso, figuren nos pregos.

En relación cos contratos de servizos, a lei dispón que non será exigible a clasificación do empresario, e dispón igualmente que, para os ditos contratos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, atendendo ao seu código CPV ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exigidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato e, ao igual que sucede para os contratos de obras, remite a desenvolvemento regulamentario o establecemento dos requisitos e dos medios que, na falta do indicado nos pregos, operarán en función da natureza, do obxecto e do valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que, se é o caso, figuren nos pregos.

En relación cos criterios e cos medios de acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica ou profesional para os distintos tipos de contratos, a lei actualiza a relación de medios alternativos contida nos artigos 75 ao 79 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, impón ao órgano de contratación a obrigaición de precisar no anuncio ou na invitación e nos pregos o medio ou os medios e os importes exigidos para iso e remite a desenvolvemento regulamentario o establecemento dos medios e dos importes que, na falta daqueles, se lles exixirán aos empresarios que opten á adxudicación do contrato.

O presente real decreto dá cumprimento ao desenvolvemento regulamentario exixido polos anteriores preceptos e efectúa as adaptacións necesarias na estrutura da clasificación e a súa configuración en grupos, subgrupos e categorías e, para iso, modifica a regulación establecida ao respecto no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

En primeiro lugar, modifícase o artigo 11 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, adecuando ás novas disposicións legais o sistema de determinación dos criterios de selección do contratista e da acreditación destes polos

empresarios e fixando os medios e os criterios que se van aplicar na falta do establecido nos pregos do contrato cando estes non recollan con suficiente precisión os criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira ou á solvencia técnica e profesional exixidas para a adxudicación do contrato.

En canto á clasificación dos contratos de obras, modifícase o artigo 26 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, reaxustando os limiares das distintas categorías, que pasan a denominarse mediante números crecentes en función dos seus respectivos limiares, partindo da categoría 1, para contratos de valor anual inferior a 150.000 euros, e chegando ata a categoría 6, para contratos de valor anual igual ou superior a cinco millóns de euros. Reaxústase igualmente o patrimonio neto mínimo exixible para o acceso das empresas a cada categoría de clasificación, fixado no artigo 35 do regulamento, que se cuantifica no dez por cento da anualidade dos contratos para cuxo acceso habilita cada categoría, e nun millón de euros, para o acceso á máxima categoría, cuxa obtención habilita para a adxudicación de contratos sen límite de importe.

En segundo lugar, modifícanse os artigos 27 e 29 do dito regulamento para, tal e como dispón a lei, ampliar a dez anos o período durante o cal as obras nel executadas serán tomadas en conta como proba da experiencia dos empresarios como contratistas de obras, así como regular as condicións para a consideración como propia da experiencia das obras executadas polas filiais constituídas no estranxeiro. Igualmente, modifícase o artigo 35 do regulamento, referido á clasificación directa e indirecta en subgrupos, para adaptala á nova nomenclatura e limiares das categorías de clasificación, e establécese como criterio mínimo de solvencia financeira que as empresas teñan un patrimonio neto equivalente ao dez por cento do valor anual dos contratos aos cales lles permite acceder a categoría que pretenden obter, e flexibilízanse e precísanse as condicións para a consideración, para os ditos efectos, do patrimonio neto con data posterior á das últimas contas anuais aprobadas.

En relación coa clasificación de contratos de servizos, que deixa de ser exixible desde a entrada en vigor do presente real decreto, modifícase o artigo 37 do regulamento, mantendo a estrutura xeral en grupos e subgrupos pero reducindo significativamente o seu número, para o cal se ten en conta o seu grao de uso polos distintos órganos de contratación e suprímense aqueles subgrupos que son raramente incluídos nos contratos públicos, así como aqueles respecto dos cales, dado o seu grao de especialización ou a natureza das actividades que comprenden, a avaliación centralizada e uniforme da capacidade e a solvencia dos empresarios por comisións nacionais de clasificación non ofrece vantaxes significativas fronte á avaliación caso a caso polo órgano de contratación correspondente, á luz do obxecto concreto e demais circunstancias específicas de cada contrato.

En terceiro lugar, e de acordo co disposto pola lei, modifícase o anexo II do regulamento, co obxecto de delimitar o ámbito de traballos incluídos en cada subgrupo nos termos definidos polo Vocabulario común de contratos públicos (CPV), aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, e establécese a correspondencia entre os subgrupos de clasificación e os códigos CPV das actividades de servizos que corresponden a cada un deles, de maneira que a determinación do CPV dun contrato efectuada polo órgano de contratación determinará de modo inequívoco a súa correspondencia con algún dos subgrupos de clasificación establecidos, ou ben a súa non correspondencia con ningún.

En cuarto lugar, modifícase o artigo 38 do regulamento, introducindo unha categoría adicional para contratos de anualidade media superior a 1,2 millóns de euros, e pásase a designar as distintas categorías mediante números secuenciais cuxo valor crecente representa un maior importe dos contratos; pártese da categoría 1 para contratos de valor anual inferior a 150.000 euros e chégase ata a categoría 5 para contratos de valor anual igual ou superior a 1,2 millóns de euros.

En quinto lugar, modifícanse os artigos 39 e 45 do regulamento, ampliando a cinco anos, tal como dispón a lei, o período durante o cal os traballos nel executados serán tomados en conta como proba da experiencia dos empresarios, para efectos da súa

clasificación como contratistas de servizos, pero limitando a catro o número de traballos que se considerarán como experiencia computable para cada subgrupo solicitado.

En sexto lugar, modifícase o artigo 46 do regulamento, suprimindo a exhibibilidade da clasificación nos contratos de servizos, circunstancia que pasa a ser condición suficiente e medio de acreditación da solvencia do empresario, alternativo aos determinados no anuncio de licitación e nos pregos de cada contrato polo órgano de contratación ou, na súa falta, aos establecidos no artigo 11 do regulamento.

O artigo 67 do regulamento establece o contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos públicos, inclúe nos seus números 3, 4, 5 e 7 os datos adicionais que se deberán incluír para os contratos de obras, de xestión de servizos públicos, de fornecementos e de servizos respectivamente, e suprime o número 6, relativo aos contratos de consultoría e asistencia. En contraste co considerable grao de detalle na enumeración dos aspectos que se deben incluír nos ditos pregos, en relación cos criterios de selección do contratista, o texto ata agora vixente límitase a efectuar unha referencia xenérica aos artigos 16 a 19 do hoxe derogado texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. O presente real decreto dá unha nova redacción, máis precisa e axustada á lei actual, á letra b) dos números antes citados, nos cales se regulan os criterios de selección dos contratos de obras, de fornecementos e de servizos respectivamente, incorporando, de modo expreso e actualizado, a relación de criterios alternativos de selección do empresario, tanto relativos á súa solvencia económica e financeira como relativos á súa solvencia técnica e profesional, á disposición do órgano de contratación para a súa incorporación aos pregos.

O articulado complementábase con dúas disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, unha disposición derradeira e un anexo.

Na súa disposición adicional primeira, e co fin de dispoñer dun mecanismo áxil que permita manter ao longo do tempo a adecuación dos subgrupos de clasificación de actividades de servizos ás cambiantes circunstancias da contratación pública, así como a súa aliñación coas periódicas actualizacións do Vocabulario común de contratos públicos (CPV), habilítase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para actualizar, mediante orde e logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, tanto a relación de subgrupos de clasificación como a correspondencia entre estes e os códigos CPV vixentes en cada momento.

Mediante a súa disposición adicional segunda desconcéntranse competencias de contratación de determinados fornecementos e dereitos de uso relativos a tecnoloxías da información cando o seu importe sexa inferior a un millón de euros.

A disposición transitoria primeira precisa o réxime aplicable aos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor do real decreto.

A disposición transitoria segunda habilita un prazo suficientemente amplo durante o cal a exigencia de clasificación para os contratos de obras licitados tras a entrada en vigor do real decreto se considerará cumprida polos empresarios que dispoñan dunha clasificación equivalente á exigida nos pregos, outorgada e expresada nos termos vixentes antes da entrada en vigor do real decreto, e establece, así mesmo, o cadro de equivalencias entre clasificacións expresadas nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001 e nos establecidos polo presente real decreto.

A disposición transitoria terceira habilita igual prazo para o mantemento dos efectos acreditativos respecto da solvencia do empresario polas clasificacións correspondentes aos subgrupos de clasificación de servizos que o real decreto mantén. Establece un prazo máis reducido de conservación dos seus efectos para as clasificacións incluídas nos subgrupos de clasificación de servizos que se suprimen. Unha vez rematado este prazo, a solvencia para os contratos de servizos que non correspondan a ningún dos subgrupos de clasificación incluídos no artigo 37 do regulamento soamente poderá ser acreditada polos criterios e cos medios expresamente incluídos nos pregos do contrato ou, na súa falta, polos establecidos no artigo 11 do regulamento. Ao igual que sucede para os contratos de obras, inclúese o cadro de equivalencias entre clasificacións expresadas nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e nos establecidos polo presente real decreto.

A disposición transitoria cuarta vén pechar o período de vixencia para as clasificacións subsistentes obtidas de acordo coa normativa anterior ao real decreto, fixando a data a partir da cal as ditas clasificacións perderán a súa vixencia, data que será a mesma que pon fin ao prazo durante o cal tales clasificacións manteñen a súa eficacia nos termos fixados polas dúas primeiras disposicións transitorias, así como regular a xustificación periódica do mantemento da solvencia e os seus efectos para o mantemento da clasificación durante o período transitorio.

A disposición transitoria quinta habilita un prazo para a adaptación dos formularios de solicitude de clasificación ou de revisión de clasificación, así como das aplicacións informáticas que dan soporte á tramitación dos expedientes de clasificación.

A disposición derradeira fixa como data de entrada en vigor do real decreto o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, excepto para os efectos indicados na disposición transitoria quinta.

O texto do proxecto foi obxecto de informe pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, informe que foi emitido con data do 19 de maio de 2015, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*

Modifícase o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, nos termos que se recollen a continuación.

Un. Modifícase o artigo 11 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Determinación dos criterios de selección das empresas.*

1. O órgano de contratación fixará no prego de cláusulas administrativas particulares os criterios que serán tidos en conta para determinar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional do contratista, os requisitos mínimos exixidos en cada caso e os medios para acreditar o seu cumprimento, salvo nos casos previstos no número 5.

2. No caso dos contratos de obras, así como nos de servizos que polo seu obxecto correspondan a algún subgrupo de clasificación, no prego farase constar igualmente o grupo ou subgrupo de clasificación e a categoría de clasificación que corresponden ao contrato.

3. Nos contratos de obras, cando o valor estimado do contrato sexa igual ou superior a 500.000 euros, será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras das administracións públicas. Para os ditos contratos, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á exixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.

Cando o valor estimado do contrato de obras sexa inferior a 500.000 euros, así como para os contratos de servizos cuxo obxecto estea incluído no anexo II deste regulamento, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo de clasificación que en función do obxecto do contrato corresponda, coa categoría de clasificación que polo seu valor anual medio corresponda, acreditará a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación, ou

ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos nos pregos do contrato e, na súa falta, cos requisitos e polos medios que se establecen no número 4 deste artigo.

4. Para os contratos non suxeitos ao requisito de clasificación e non exentos do requisito de acreditación da solvencia económica e financeira ou da solvencia técnica ou profesional, cando os pregos non concreten os criterios e requisitos mínimos para a súa acreditación, os licitadores ou candidatos que non dispoñan da clasificación que, se é o caso, corresponda ao contrato acreditarán a súa solvencia económica e financeira, técnica e profesional polos seguintes criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación:

a) O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser ao menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e ao menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario está inscrito no dito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Nos contratos cuxo obxecto consista en servizos profesionais, en lugar do volume anual de negocio, a solvencia económica e financeira poderase acreditar mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata a fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, así como mediante o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro exixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o número 2 do artigo 151 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no cal consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

b) O criterio para a acreditación da solvencia técnica ou profesional será o da experiencia na realización de traballos ou fornecementos do mesmo tipo ou natureza a que corresponde o obxecto do contrato, que se acreditará mediante a relación dos traballos ou fornecementos efectuados polo interesado no curso dos cinco últimos anos, ou dos dez últimos anos se se trata de obras, en ambos os casos do mesmo tipo ou natureza a que corresponde o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución, e o requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. Para efectos de determinar a correspondencia entre os traballos ou fornecementos acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último, atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación a que pertencen uns e outros e, nos demais casos, á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

5. Salvo que nos pregos do contrato se estableza de modo expreso a súa exixencia, os licitadores ou candidatos estarán exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira e de acreditación da solvencia

técnica e profesional para os contratos de obras cuxo valor estimado non exceda os 80.000 euros e para os contratos dos demais tipos cuxo valor estimado non exceda os 35.000 euros.»

Dous. Modifícase o artigo 26 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. *Categorías de clasificación dos contratos de obras.*

Os contratos de obras clasifícanse en categorías segundo a súa contía. A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor estimado do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao seu valor medio anual, cando se trate de contratos de duración superior.

As categorías dos contratos de obras serán as seguintes:

- Categoría 1, se a súa contía é inferior ou igual a 150.000 euros.
- Categoría 2, se a súa contía é superior a 150.000 euros e inferior ou igual a 360.000 euros.
- Categoría 3, se a súa contía é superior a 360.000 euros e inferior ou igual a 840.000 euros.
- Categoría 4, se a súa contía é superior a 840.000 euros e inferior ou igual a 2.400.000 euros.
- Categoría 5, se a súa contía é superior a 2.400.000 euros e inferior ou igual a cinco millóns de euros.
- Categoría 6, se a súa contía é superior a cinco millóns de euros.

As categorías 5 e 6 non serán de aplicación nos subgrupos pertencentes aos grupos I, J e K. Para os ditos subgrupos a máxima categoría de clasificación será a categoría 4, e a dita categoría será de aplicación aos contratos dos ditos subgrupos cuxa contía sexa superior a 840.000 euros.»

Tres. Modifícase o artigo 27 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Clasificación dos empresarios en subgrupos.*

Para que un empresario poida ser clasificado nun subgrupo de clasificación de contratistas de obras deberá acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que dispón dos medios persoais, materiais, organizativos e técnicos necesarios para a execución dos traballos do subgrupo, así como das habilitacións ou autorizacións para o exercicio da actividade que, se é o caso, se requiran, e será preciso que acredite algunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter executado obras específicas do subgrupo durante o transcurso dos últimos dez anos.
- b) Ter executado no último decenio obras específicas doutros subgrupos afíns, do mesmo grupo, entendéndose por subgrupos afíns os que presenten analoxías en canto á execución e equipamentos que se vaian empregar.
- c) Ter executado, no mesmo período de tempo sinalado nas alíneas anteriores, obras específicas doutros subgrupos do mesmo grupo que presenten maior complexidade en canto á execución e exixan equipamentos de maior importancia, polo que o subgrupo de que se trate se poida considerar como dependente dalgún daqueles.
- d) Cando, sen acreditar ter executado obras específicas do subgrupo no último decenio, acredite dispoñer de suficientes medios financeiros, de persoal experimentado na execución das obras incluídas no subgrupo, e de maquinaria ou equipamentos de especial aplicación ao tipo de obras incluídas no subgrupo. Para tales efectos, entenderase que dispón de suficientes medios financeiros cando o

seu patrimonio neto acreditado fidedignamente na data de tramitación do expediente, segundo o último balance de contas aprobadas, supere os importes fixados na letra d do número 1 do artigo 35 para a máxima categoría de clasificación que poida chegar a obter en calquera dos grupos e subgrupos solicitados.»

Catro. Modifícase o artigo 29 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Asignación de categorías de clasificación.*

1. A asignación a un empresario dunha categoría de clasificación nun determinado grupo ou subgrupo exixirá que o empresario acredite a súa solvencia económica e financeira nos termos establecidos neste regulamento, e que demostre a súa capacidade técnica e profesional para a execución dos contratos correspondentes ao dito grupo ou subgrupo.

2. A categoría asignada ao empresario nun subgrupo de clasificación respecto do cal cumpra cos requisitos establecidos no número anterior será fixada tomando como base o maior dos seguintes valores:

a) O máximo importe anual executado polo contratista no último decenio nunha obra correspondente ao subgrupo.

b) O importe máximo executado durante calquera dos dez últimos anos naturais vencidos, ou durante o ano en curso se fose superior, nun máximo de seis obras do subgrupo.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

3. A cifra básica así obtida poderá ser mellorada nas porcentaxes que a continuación se sinalan:

a) Un 20 por 100 fixo, de aplicación xeral a todos os contratistas, en concepto de natural expansión das empresas.

b) Ata un 50 por 100, segundo cales sexan o número e a categoría profesional do seu persoal directivo e técnico na súa relación co importe anual medio de obra executada no último quinquenio. Tamén será tomada en consideración, se é o caso, a asistencia técnica contratada.

c) Ata un 70 por 100, en función do importe actual do seu parque de maquinaria, relacionado tamén co importe anual medio da obra executada no último quinquenio. Serán tamén considerados os importes pagados polo concepto de alugamento de maquinaria.

d) Ata un 80 por 100, como consecuencia da relación que exista entre o importe medio anual do patrimonio neto nos tres últimos exercicios e o importe, tamén medio anual, da obra executada no último quinquenio.

e) Ata un 100 por 100, dependente do número de anos de experiencia construtiva do contratista ou dos importes de obra executada no último quinquenio.

Todas as porcentaxes que corresponda aplicar operarán directamente sobre a base, polo que o mínimo aumento que esta poderá experimentar será dun 20 por 100 e o máximo dun 320 por 100.

4. Nos casos comprendidos na alínea d) do artigo 27 só se poderá outorgar a clasificación coa categoría 1.

5. A categoría obtida directamente nun subgrupo farase extensiva a todos os subgrupos aíns ou dependentes deste.

6. A categoría nun grupo será unha resultante das obtidas nos subgrupos básicos deste, deducida na forma seguinte:

a) Se o número de subgrupos básicos dun grupo non é superior a dous, a categoría no grupo será a mínima obtida naqueles subgrupos.

b) Se o número de subgrupos básicos dun grupo é superior a dous, a categoría no grupo será a mínima das obtidas nos dous subgrupos nos cales alcanzase as máis elevadas.

7. A categoría obtida nun grupo dará lugar á clasificación con igual categoría en todos os subgrupos deste, salvo que lle correspondese directamente outra maior nalgún deles, caso en que estas se manterán.»

Cinco. Modifícase o artigo 35 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35. *Clasificación directa e indirecta en subgrupos.*

1. Para a clasificación directa en subgrupos teranse en conta as seguintes regras:

a) Para determinar as posibilidades de execución anual dun contratista en obras específicas dun subgrupo dos establecidos no artigo 25, farase aplicación da seguinte fórmula: $K = O \times I$.

Na cal os símbolos establecidos representan:

O = máximo importe anual que se considera executado polo contratista en obras do subgrupo, calculado de acordo co disposto no número 2 do artigo 29.

I = índice propio da empresa.

b) O valor I obtido de acordo cos artigos 30, 31, 32, 33 e 34 transformarase para a súa aplicación na fórmula citada no parágrafo a) nun valor I' obtido conforme a seguinte táboa de correspondencia:

I	I'
1,20	1,20
1,30	1,40
1,40	1,60
1,50	1,70
1,60	1,90
1,70	2,00
1,80	2,10
1,90	2,30
2,00	2,40
2,10	2,50
2,20	2,60
2,30	2,70
2,40	2,80
2,50	2,90
2,60	3,00
2,70	3,10
2,80	3,10
2,90	3,20
3,00	3,30
3,10	3,40
3,20	3,50
3,30	3,60
3,40	3,70
3,50	3,80

I	I'
3,60	3,90
3,70	4,00
3,80	4,00
3,90	4,10
4,00	4,20
4,10	4,20
4,20	4,20

c) O valor K obtido na fórmula da alínea a) determinará a categoría que, no subgrupo de que se trate, lle corresponde ao contratista de acordo co seguinte cadro:

Valor de K – (Euros)	Categoría
Ata 150.000.....	1
Máis de 150.000 e ata 360.000.....	2
Máis de 360.000 e ata 840.000.....	3
Máis de 840.000 e ata 2.400.000. . . .	4
Máis de 2.400.000 e ata 5.000.000.. .	5
Máis de 5.000.000.....	6

Non obstante, na clasificación que resulte da comparación coa escala anterior non poderá ser outorgada, en ningún caso, unha categoría superior en máis dun grao da referida escala á que correspondería pola nova consideración do valor de O multiplicado por 1,2.

d) A aplicación do disposto na alínea a) requirirá que a empresa acredite a súa solvencia económica e financeira mediante a dispoñibilidade de patrimonio neto, segundo o balance correspondente ao último exercicio das contas anuais aprobadas, respecto da data en que se solicite a clasificación que, para cada unha das categorías, alcancen os seguintes importes:

- Categoría 1, 15.000 euros.
- Categoría 2, 36.000 euros.
- Categoría 3, 84.000 euros.
- Categoría 4, 240.000 euros.
- Categoría 5, 500.000 euros.
- Categoría 6, 1.000.000 euros.

Cando o valor do patrimonio neto non alcance os importes fixados para cada categoría, asignarase esta en función de tales valores.

Non obstante o anterior, cando con posterioridade ao peche do último exercicio social se efectuasen ampliacións de capital ou se producisen feitos financeiros relevantes e verificables cuxos efectos sobre o patrimonio neto da sociedade sexan equivalentes aos dunha ampliación de capital, e as ditas ampliacións ou feitos dean lugar a un incremento do patrimonio neto respecto do existente no momento do peche do último exercicio social, para os efectos previstos neste artigo, poderá tomarse en conta o patrimonio neto que figure nunhas contas anuais intermedias posteriores ao momento do peche do último exercicio social, aprobadas pola sociedade e auditadas nas mesmas condicións que as últimas contas anuais, sempre que o incremento do patrimonio neto no peche das ditas contas intermedias respecto do que figure nas últimas contas anuais aprobadas se produza como resultado directo da ampliación de capital efectuada ou do feito financeiro acaecido.

e) Cando non se acredite experiencia na execución de obras correspondentes ao subgrupo, a clasificación que se outorgará en función do establecido no artigo 27,

letra d), estará condicionada pola dispoñibilidade de patrimonio neto que se especifica na letra anterior.

2. A clasificación obtida por un contratista de acordo coas normas establecidas no número 1 dará lugar a que se conceda clasificación con idéntica categoría noutros subgrupos do mesmo grupo considerados afíns ou dependentes daquel no que alcanzou clasificación, aínda cando non realizase obras específicas deles.

Establécense como subgrupos afíns ou dependentes os seguintes:

a) Os clasificados no subgrupo A-2, explanacións, ou no A-5, túneles, quedarán tamén clasificados nos subgrupos A-1, A-3 e A-4.

b) Os clasificados no subgrupo B-2, de formigón armado, quedarán clasificados no B-1, de fábrica ou formigón en masa.

c) Os clasificados no subgrupo B-3, de formigón pretensado, quedarán clasificados nos subgrupos B-2 e B-1.

d) O subgrupo D-1, tendadura de vías, clasifica o subgrupo D-5, obras de ferrocarrís sen cualificación específica.

e) Os clasificados en calquera dos subgrupos E-1, abastecementos e saneamentos, E-4, quenllas e desaugadoiros, e E-5, defensas de marxes e canalizacións, quedarán igualmente clasificados en todos eles, e ademais clasificarán o subgrupo E-7, obras hidráulicas sen cualificación específica.

f) Os clasificados nalgúns dos subgrupos E-2, presas, E-3, canles ou E-6, conducións con tubaxe de presión de gran diámetro, quedarán automaticamente clasificados nos subgrupos E-1, E-4, E-5 e E-7, especificados no parágrafo anterior.

g) Os clasificados nos subgrupos F-1, dragaxes, F-2, diques e F-4, con caixóns de formigón armado, clasificarán o subgrupo F-7, obras marítimas sen cualificación específica.

h) Os clasificados no subgrupo F-4, con caixóns de formigón armado, quedarán clasificados igualmente no subgrupo F-3, con bloques de formigón.

i) O subgrupo G-1, autoestradas, autovías, clasificará os subgrupos G-2, pistas de aterrxaxe, G-3, con firmes de formigón hidráulico, G-4, con firmes de mesturas bituminosas, G-5, sinalizacións e balizamentos viarios, G-6, obras vías sen cualificación específica.

j) O subgrupo G-1, autoestradas, autovías, tamén se pode clasificar en todos os subgrupos seguintes: A-2, explanacións, A-5, túneles, B-3, de formigón pretensado, G-3, con firmes de formigón hidráulico, G-4, con firmes de mesturas bituminosas e K-2, sondaxes, inxeccións e pilotaxes. A categoría neste subgrupo corresponderá á menor das categorías do A-2, A-5, B-3, G-3, G-4 e K-2.

k) O subgrupo G-3, con firmes de formigón hidráulico, e o subgrupo G-4, con firmes de mesturas bituminosas, clasificarán calquera deles o subgrupo G-6, obras viarias sen cualificación específica.

l) O subgrupo H-1, oleodutos, clasificará o subgrupo H-2, gasodutos, e o subgrupo H-2, gasodutos, clasificará o subgrupo H-1, oleodutos.

m) A clasificación en calquera subgrupo dos I-1 ao I-8 clasificará automaticamente o subgrupo I-9.»

Seis. Modifícase o texto do artigo 37 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 37. *Grupos e subgrupos de clasificación nos contratos de servizos.*

1. Os grupos e subgrupos de actividades por especialidades, de aplicación para as empresas nos contratos de servizos, serán os seguintes:

Grupo L)

Subgrupo 1. Servizos auxiliares para traballos administrativos de arquivamento e similares.

- Subgrupo 3. Enquisas, toma de datos e servizos análogos.
- Subgrupo 5. Organización e promoción de congresos, feiras e exposicións.
- Subgrupo 6. Servizos de portaría, control de accesos e información ao público.

Grupo M)

- Subgrupo 1. Hixienización, desinfección, desinsectación e desratización.
- Subgrupo 2. Servizos de seguridade, custodia e protección.
- Subgrupo 4. Artes gráficas.
- Subgrupo 5. Servizos de bibliotecas, arquivos e museos.
- Subgrupo 6. Hostalaría e servizos de comida.

Grupo O)

- Subgrupo 1. Conservación e mantemento de edificios.
- Subgrupo 2. Conservación e mantemento de estradas, pistas, autoestradas, autovías, calzadas e vías férreas.
- Subgrupo 3. Conservación, mantemento e explotación de redes de auga e sumidoiros.
- Subgrupo 4. Conservación, mantemento e explotación de estacións depuradoras.
- Subgrupo 6. Conservación e mantemento de montes e xardíns.

Grupo P)

- Subgrupo 1. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións eléctricas e electrónicas.
- Subgrupo 2. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanaría, conducións de auga e gas.
- Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de calefacción e aire acondicionado.
- Subgrupo 5. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de seguridade e contra incendios.
- Subgrupo 7. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de aparellos elevadores e de translación horizontal.

Grupo Q)

- Subgrupo 1. Mantemento e reparación de maquinaria.
- Subgrupo 2. Mantemento e reparación de vehículos.

Grupo R)

- Subgrupo 1. Transporte de viaxeiros por estrada.
- Subgrupo 2. Traslado de enfermos por calquera medio de transporte.
- Subgrupo 5. Recollida e transporte de residuos.
- Subgrupo 6. Servizos aéreos.
- Subgrupo 9. Servizos de mensaxaría, correspondencia e distribución.

Grupo T)

- Subgrupo 1. Servizos de publicidade.
- Subgrupo 5. Servizos de tradutores e intérpretes.

Grupo U)

- Subgrupo 1. Servizos de limpeza.
- Subgrupo 4. Axencias de viaxes.
- Subgrupo 8. Servizos de información e asistencia telefónicas.

Grupo V)

Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións informáticas e de telecomunicacións.

Subgrupo 4. Servizos de telecomunicacións.

Subgrupo 5. Explotación e control de sistemas informáticos e infraestruturas telemáticas.

2. Os traballos ou actividades comprendidos en cada un dos subgrupos de clasificación son os detallados no anexo II, no cal se recolle a correspondencia dos subgrupos de clasificación de servizos cos códigos CPV dos traballos incluídos en cada subgrupo.»

Sete. Modifícase o artigo 38 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Categorías de clasificación nos contratos de servizos.*

Os contratos de servizos clasifícanse en categorías segundo a súa contía. A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor estimado do contrato, cando a súa duración sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao seu valor medio anual, cando se trate de contratos de duración superior.

As categorías dos contratos de servizos serán as seguintes:

Categoría 1, cando a contía do contrato sexa inferior a 150.000 euros.

Categoría 2, cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 150.000 euros e inferior a 300.000 euros.

Categoría 3, cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 300.000 euros e inferior a 600.000 euros.

Categoría 4, cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 600.000 euros e inferior a 1.200.000 euros.

Categoría 5, cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 1.200.000 euros.»

Oito. Modifícase o artigo 39 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Clasificación en subgrupos e categorías.*

1. Para que un contratista poida ser clasificado nun subgrupo de clasificación de contratistas de servizos deberá acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que dispón dos medios persoais, materiais, organizativos e técnicos necesarios para a execución dos traballos do subgrupo, así como das habilitacións ou autorizacións para o exercicio da actividade ou profesión que, se é o caso, se requiran, e será preciso que acredite algunha das circunstancias seguintes:

a) Ter executado ao menos un contrato de servizos específicos do subgrupo durante o transcurso dos cinco últimos anos.

b) Cando, sen acreditar ter executado contratos de servizo específicos do subgrupo nos cinco últimos anos, dispoña de suficientes medios financeiros, de persoal técnico experimentado e de maquinaria ou equipamentos de especial aplicación ao tipo de actividade a que se refira o subgrupo. Para tales efectos, entenderase que dispón de suficientes medios financeiros cando o seu patrimonio neto acreditado fidedignamente na data de tramitación do expediente, segundo o último balance de contas aprobadas, sexa igual ou superior á décima parte da anualidade media dos contratos para cuxa adxudicación o habilita a máxima categoría de clasificación que poida chegar a obter en calquera dos grupos e subgrupos solicitados.

2. Para os empresarios que cumpran os requisitos establecidos na letra a do número anterior, a categoría no subgrupo solicitado será fixada tomando como base o maior dos seguintes importes:

a) O máximo importe anual que fose executado polo contratista nos cinco últimos anos nun único traballo correspondente ao subgrupo.

b) O importe máximo anual executado nos cinco últimos anos naturais nun máximo de catro traballos do subgrupo, afectado este importe dun coeficiente reductor dependente do número deles.

3. A maior cifra das obtidas en calquera das dúas formas establecidas no número anterior poderá ser mellorada nos tantos por cento que a continuación se sinalan:

a) Un 20 por 100 fixo, de aplicación xeral a todos os contratistas en concepto de natural expansión das empresas.

b) Ata un 50 por 100, segundo cal sexa o número e categoría profesional do seu persoal técnico na súa relación co importe anual medio do traballo executado nos últimos tres anos. Tamén será tomada en consideración, se é o caso, a asistencia técnica contratada.

c) Ata un 70 por 100, en función do importe actual da súa maquinaria, relacionado tamén co importe anual medio dos contratos de servizos executados nos últimos tres anos. Serán tamén considerados os importes pagados polo concepto de alugamento de maquinaria.

d) Ata un 80 por 100, como consecuencia da relación que exista entre o importe medio anual de patrimonio neto nos últimos tres exercicios e o importe, tamén medio anual, dos contratos de servizos executados no mesmo período de tempo.

e) Ata un 100 por 100, dependendo do número de anos de experiencia do contratista ou dos importes dos contratos de servizos executados no último trienio.

Todos os tantos por cento que corresponda aplicar operarán directamente sobre a base, polo que o mínimo aumento que esta poderá experimentar será dun 20 por 100, e o máximo, dun 320 por 100.

4. Nos casos comprendidos no número 1, letra b, só se poderá outorgar a clasificación coa categoría 1.»

Nove. Modifícase o artigo 45 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 45. *Clasificación directa en subgrupos e en casos especiais.*

A) Clasificación directa en subgrupos.

1. Para determinar as posibilidades de execución anual dunha empresa en servizos específicos dun subgrupo dos establecidos no artigo 37 aplicarase a seguinte fórmula:

$$K = O \times I$$

na cal os símbolos establecidos representan:

O, máximo importe anual executado pola empresa nun contrato do subgrupo.

I, índice propio da empresa.

2. Considerarase como máximo importe anual executado por unha empresa nun subgrupo (O) o maior dos dous valores seguintes:

a) O importe da anualidade máxima executado nun contrato do subgrupo no último quinquenio.

b) O máximo valor que resulte no quinquenio ao multiplicar o importe executado en cada ano deste nun máximo de catro contratos do subgrupo, por un

coeficiente dependente do número deles en execución simultánea, dado polo seguinte cadro:

Número de contratos	Coeficiente
1	1
2	0,9
3	0,8
4	0,7

3. O valor obtido na fórmula do número A)1 determinará a categoría que, no subgrupo de que se trate, lle corresponda á empresa de servizos de acordo co seguinte cadro:

K – (Euros)	Categoría
Ata 150.000	1
Igual ou superior a 150.000 e inferior a 300.000	2
Igual ou superior a 300.000 e inferior a 600.000	3
Igual ou superior a 600.000 e inferior a 1.200.000	4
Igual ou superior a 1.200.000	5

Non obstante a clasificación que resulte da comparación coa escala anterior, non poderá ser outorgada unha categoría superior en máis dun grao da referida escala á que lle correspondería pola mera consideración do valor de O multiplicado por 1,2.

B) Clasificación en casos especiais.

1. Entenderanse como casos especiais de clasificación todos aqueles en que non teña aplicación directa a fórmula do número A)1, por non ter realizado a empresa no último quinquenio ningún traballo do tipo para o cal solicita clasificación.

2. En todos os casos especiais a procedencia da clasificación será o resultado estimativo das posibilidades que encerra a empresa para a execución do tipo de traballo de que se trate, deducido do exame dos aspectos seguintes:

a) Experiencia do persoal directivo e técnico no tipo de traballo que corresponda ao subgrupo solicitado.

b) Maquinaria e equipamentos de que dispoña, de especial aplicación ao tipo de traballo de que se trate.

3. Unha vez estimada a procedencia da clasificación no subgrupo solicitado, determinarase a categoría que lle corresponde neste, mediante aplicación da fórmula do número A)1, fixando por apreciación o valor que se debe adoptar para o factor O representativo do máximo importe anual que se considera que pode actualmente ser executado pola empresa nos traballos de servizos do subgrupo.»

Dez. Modifícase o artigo 46 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 46. *Exixencia e efectos da clasificación de servizos.*

Para os contratos de servizos non será exixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional, tanto nos termos establecidos no

artigo 67 do presente regulamento como en termos de subgrupo de clasificación e de categoría mínima exixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Na falta destes, a acreditación da solvencia efectuarase de acordo co disposto no número 4 do artigo 11.»

Once. Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 67, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Criterios de selección do contratista.

1.º Grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación do contrato. Dispoñer de clasificación no grupo ou subgrupo correspondente ao contrato, con categoría igual ou superior á correspondente ao seu importe anual medio, constituirá acreditación bastante da solvencia económica, financeira e técnica do empresario. Para os contratos de obras de importe igual ou superior ao limiar de exixencia de clasificación, a dita condición constituirá, ademais, requisito exixible para a selección do contratista, salvo nos casos de exención da dita condición establecidos pola lei.

2.º Criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira do empresario, exixibles aos empresarios non obrigados ao requisito de clasificación e que non acrediten a correspondente ao contrato, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Cifra anual de negocios, ou ben cifra anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, nos tres últimos anos, con indicación expresa do valor mínimo exixido.

- Patrimonio neto, ou ben *ratio* entre activos e pasivos, no peche do último exercicio económico para o cal estea vencida a obrigaçión de aprobación de contas anuais, con indicación expresa do valor mínimo exixido ou da *ratio* mínima exixida, respectivamente.

3.º Criterios de selección e medios de acreditación relativos á solvencia técnica do empresario, exixibles aos empresarios non obrigados ao requisito de clasificación e que non acrediten a correspondente ao contrato, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Relación das obras executadas no curso dos últimos dez anos correspondentes ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación a que corresponde o contrato, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo. Os certificados de boa execución das obras incluídas na relación cuxo destinatario sexa unha entidade do sector público poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante das obras.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Nos pregos especificarase o importe anual sen incluír os impostos que o empresario deberá acreditar como executado, no ano de maior execución do período antes indicado, en traballos do grupo ou subgrupo a que corresponde o contrato.

- Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, xunto cos documentos acreditativos correspondentes. Nos pregos especificaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos, así como o número de técnicos e de experiencia profesional mínima exixida aos ditos técnicos, ou as características e capacidades mínimas das unidades técnicas exixidas, segundo corresponda.

- Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras. Nos pregos especificaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos.

- Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato, con indicación expresa das normas técnicas ou especificacións técnicas aplicables á execución e á verificación obxectiva da correcta aplicación das ditas medidas.

- Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente. Nos pregos especificaranse os valores mínimos exixidos destes.

- Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se dispoñerá para a execución das obras, á cal se achegará a documentación acreditativa pertinente. Nos pregos especificaranse a maquinaria, o material e os equipamentos que, como mínimo, deben estar á disposición do empresario, así como as capacidades funcionais mínimas de cada un deles.»

Doce. Modifícase a letra b) do número 4 do artigo 67, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Criterios de selección do contratista.

1.º Criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Cifra anual de negocios, ou ben cifra anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, nos tres últimos anos, con indicación expresa do valor mínimo exixido.

- Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, con indicación expresa dos riscos cubertos, do seu prazo mínimo de vixencia ou data de vencemento e do valor mínimo exixido.

- Patrimonio neto, ou ben *ratio* entre activos e pasivos, no peche do último exercicio económico para o cal estea vencida a obrigaición de aprobación de contas anuais, con indicación expresa do valor mínimo exixido ou da *ratio* mínima exixida, respectivamente.

2.º Criterios de selección relativos á solvencia técnica ou profesional do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Unha relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Nos pregos especificarase o importe anual que o empresario deberá acreditar como executado durante o ano de maior execución do

período citado, en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación, se o contrato está encadrado nalgún dos establecidos neste regulamento e, en caso contrario, a igualdade entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV. Os certificados de boa execución dos servizos incluídos na relación cuxo destinatario foi unha entidade do sector público poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante dos servizos.

- Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos ao persoal técnico do empresario, así como o número de técnicos e experiencia profesional mínima exixida aos ditos técnicos, ou as características e capacidades mínimas das unidades técnicas exixidas, segundo corresponda.

- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisaranse as funcionalidades e cuantifícanse as capacidades mínimas exixidas para cada un dos medios exixidos.

- Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control tratará sobre a capacidade técnica do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles describírase de modo preciso en termos funcionais e cuantifícase a capacidade mínima exixida ao empresario en termos de unidades ou medidas apropiadas á natureza dos servizos contratados. Se tamén se inclúen controis sobre os medios de estudo e investigación ou sobre as medidas empregadas para controlar a calidade, os pregos deberán precisar as funcionalidades e cuantificar as capacidades mínimas exixidas a uns e a outras.

- As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato. Nos pregos especificaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos, e os documentos admitidos para a súa acreditación.

- Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato, con indicación expresa das normas técnicas ou especificacións técnicas aplicables á execución e á verificación obxectiva da correcta aplicación das ditas medidas.

- Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente. Nos pregos especificaranse os valores mínimos exixidos destes.

- Declaración na cal se indique a maquinaria, o material e o equipamento técnico de que se dispoñerá para a execución dos traballos, á cal se achegará a documentación acreditativa pertinente. Nos pregos especificaranse a maquinaria, o material e os equipamentos que, como mínimo, deben estar á disposición do empresario, así como as capacidades funcionais mínimas de cada un deles.

- Parte ou partes do contrato que o empresario ten o propósito de subcontratar. Nos pregos especificarase a porcentaxe máxima de subcontratación admitida e, se é o caso, a parte ou partes do contrato que non poidan ser obxecto de subcontratación a un terceiro.

Cando o cumprimento do contrato exixa a execución de obras ou instalacións, os pregos poderán recoller adicionalmente un ou varios dos criterios de selección relativos á solvencia do empresario aplicables aos contratos de obras, de entre os incluídos no ordinal 3º da letra b) do número 3.»

Trece. Modifícase a letra b) do número 5 do artigo 67, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Criterios de selección do contratista.

1.º Criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Cifra anual de negocios, ou ben cifra anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, nos tres últimos anos, con indicación expresa do valor mínimo exixido.
- Patrimonio neto, ou ben *ratio* entre activos e pasivos, no peche do último exercicio económico para o cal estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais, con indicación expresa do valor mínimo exixido, ou da *ratio* mínima exixida, respectivamente.

2.º Criterios de selección relativos á solvencia técnica do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Relación dos principais fornecementos efectuados durante os cinco últimos anos que sexan de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, atendendo, para tal efecto, aos dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV, indicando o seu importe, as datas e o destinatario público ou privado destes. Os fornecementos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Nos pregos especificarase o importe anual que o empresario deberá acreditar como executado, no ano de maior execución do período antes indicado, en fornecementos de igual ou similar natureza que os do contrato. Os certificados de boa execución dos fornecementos incluídos na relación cuxo destinatario foi unha entidade do sector público poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante do fornecemento.

- Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, de que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisarase os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos ao persoal técnico do empresario, así como o número de técnicos e experiencia profesional mínima exixida aos ditos técnicos, ou as características e capacidades mínimas das unidades técnicas exixidas, segundo corresponda.

- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisarase as funcionalidades e cuantificaranse as capacidades mínimas exixidas para cada un dos medios exixidos polo criterio.

- Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do dito organismo, cando os produtos que se vaian subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control tratará sobre a capacidade de produción do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisarase a capacidade mínima de produción exixida ao empresario en termos de unidades físicas producidas por

unidade de tempo en condicións normais de produción. Se tamén se inclúen controis sobre os medios de estudo e investigación ou sobre as medidas empregadas para controlar a calidade os pregos, deberán precisar as funcionalidades e cuantificar as capacidades mínimas exixidas a uns e a outras.

- Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisaranse as normas técnicas ou especificacións técnicas oficiais respecto das cales deberá ser acreditada a conformidade polos certificados exixidos.

- Achega de mostras, descricións e fotografías dos produtos que se vaian subministrar, cuxa autenticidade se poida certificar por petición da entidade contratante.»

Catorce. Modifícase a letra b) do número 7 do artigo 67, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Criterios de selección do contratista.

1.º Grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación do contrato. Dispoñer de clasificación no subgrupo correspondente ao contrato, con categoría igual ou superior á correspondente ao seu importe anual medio constituirá acreditación bastante da solvencia económica, financeira e técnica do empresario.

2.º Criterios de selección relativos á solvencia económica e financeira do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Cifra anual de negocios, ou ben cifra anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, nos tres últimos anos, con indicación expresa do valor mínimo exixido.

- Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, con indicación expresa dos riscos cubertos, do seu prazo mínimo de vixencia ou data de vencemento e do valor mínimo exixido.

- Patrimonio neto, ou ben *ratio* entre activos e pasivos, no peche do último exercicio económico para o cal estea vencida a obrigaición de aprobación de contas anuais, con indicación expresa do valor mínimo exixido ou da *ratio* mínima exixida, respectivamente.

3.º Criterios de selección relativos á solvencia técnica ou profesional do empresario que se aplicarán, especificando un ou varios de entre os seguintes:

- Unha relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Nos pregos especificarase o importe anual que o empresario deberá acreditar como executado durante o ano de maior execución do período citado, en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación, se o contrato está encadrado nalgún dos establecidos neste regulamento e, en caso contrario, a igualdade entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV. Os certificados de boa execución dos servizos incluídos na relación cuxo destinatario foi unha entidade do sector público poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola entidade contratante dos servizos.

- Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos ao persoal técnico do empresario, así como o número de técnicos e experiencia profesional mínima exixida aos ditos técnicos, ou as características e capacidades mínimas das unidades técnicas exixidas, segundo corresponda.

- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles precisaranse as funcionalidades e cuantificaranse as capacidades mínimas exixidas para cada un dos medios exixidos.

- Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control tratará sobre a capacidade técnica do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade. Cando nos pregos se inclúa este criterio, neles describirase de modo preciso en termos funcionais e cuantificarase a capacidade mínima exixida ao empresario en termos de unidades ou medidas apropiadas á natureza dos servizos contratados. Se tamén se inclúen controis sobre os medios de estudo e investigación ou sobre as medidas empregadas para controlar a calidade, os pregos deberán precisar as funcionalidades e cuantificar as capacidades mínimas exixidas a uns e a outras.

- As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato. Nos pregos especificaranse os títulos ou acreditacións académicos ou profesionais exixidos e os documentos admitidos para a súa acreditación.

- Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato, con indicación expresa das normas técnicas ou especificacións técnicas aplicables á execución e á verificación obxectiva da correcta aplicación das ditas medidas.

- Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente. Nos pregos especificaranse os valores mínimos exixidos destes.

- Declaración mediante a cal se indique a maquinaria, o material e o equipamento técnico de que se dispoñerá para a execución dos traballos, á cal se achegará a documentación acreditativa pertinente. Nos pregos especificaranse a maquinaria, o material e os equipamentos que, como mínimo, deben estar á disposición do empresario, así como as capacidades funcionais mínimas de cada un deles.

- Parte ou partes do contrato que o empresario ten o propósito de subcontratar. Nos pregos especificarase a porcentaxe máxima de subcontratación admitida e, se é o caso, a parte ou partes do contrato que non poidan ser obxecto de subcontratación a un terceiro.»

Quince. Suprímese o número 6 do artigo 67 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Dezaseis. Modifícase o anexo II do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que queda substituído polo que figura como anexo.

Disposición adicional primeira. *Actualización dos subgrupos de clasificación de contratos de servizos.*

A relación de subgrupos de clasificación de servizos establecida no artigo 37, así como a correspondencia entre os ditos subgrupos e os códigos CPV dos contratos establecida no anexo II, poderán ser actualizadas por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, cando así o aconsellen a conxuntura económica ou as circunstancias da contratación pública.

Disposición adicional segunda. *Desconcentración de competencias nos contratos de fornecementos.*

Sen prexuízo das competencias que poidan ter atribuídas en virtude da disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, desconcéntranse nos órganos de contratación dos departamentos ministeriais e dos organismos autónomos e demais entidades públicas estatais as competencias definidas no artigo 207 do citado texto refundido, para a adquisición e o arrendamento de equipamentos e sistemas para o tratamento de información, os seus dispositivos e programas e a cesión do dereito de uso a estes últimos, sempre que o orzamento de licitación dos ditos contratos sexa inferior a un millón de euros, imposto sobre o valor engadido excluído.

Quedan exceptuados os contratos de fornecemento que afecten varios departamentos ministeriais.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

Disposición transitoria segunda. *Clasificación exigible para os contratos de obras.*

Para os contratos de obras cuxo prazo de presentación de ofertas termine antes do día 1 de xaneiro de 2020, as clasificacións nos subgrupos incluídos no artigo 26 do Regulamento producirán os seus efectos, co alcance e cos límites cuantitativos determinados para cada subgrupo e categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se o foron con anterioridade á súa entrada en vigor e nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

Categoría do contrato	Categoría Real decreto 1098/2001
1	A ou B
2	C
3	D
4	E
5	F
6	F

Disposición transitoria terceira. *Clasificacións dos contratos de servizos outorgadas con anterioridade á entrada en vigor do real decreto.*

A partir da entrada en vigor do presente real decreto non será exigible a clasificación para os contratos de servizos.

Para os contratos de servizos cuxo prazo de presentación de ofertas termine antes do día 1 de xaneiro de 2020, as clasificacións nos subgrupos incluídos no artigo 37 do Regulamento producirán os seus efectos, co alcance e cos límites cuantitativos determinados para cada subgrupo e categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se o foron con anterioridade á súa entrada en vigor e nos termos establecidos polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

Categoría actual	Categoría Real decreto 1098/2001
1	A
2	B
3	C
4	D
5	D

Ata o día 1 de xaneiro de 2016, as clasificacións vixentes na data de entrada en vigor do presente real decreto, outorgadas de acordo co establecido no citado Real decreto 1098/2001, correspondentes aos subgrupos de clasificación existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto e non incluídos no artigo 37 do regulamento, seguirán producindo efectos de acreditación da solvencia do empresario para aqueles contratos en cuxos pregos se admita como criterio alternativo de selección a clasificación en tales subgrupos. As clasificacións outorgadas nos ditos subgrupos quedarán extinguidas na dita data, e practicaranse de oficio as modificacións correspondentes aos seus asentos nos rexistros de licitadores e empresas clasificadas en que figuren inscritas.

Disposición transitoria cuarta. *Vixencia das clasificacións outorgadas antes da entrada en vigor do real decreto.*

As clasificacións outorgadas con data anterior á entrada en vigor do presente real decreto perderán a súa vixencia e eficacia o día 1 de xaneiro de 2020, e procederase á súa baixa de oficio dos rexistros de licitadores e empresas clasificadas en que figuren inscritas.

Ata a dita data, a xustificación do mantemento da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica ou profesional das empresas que obtiveron e manteñen en vigor a súa clasificación de conformidade coa normativa vixente antes da entrada en vigor do presente real decreto seguirá rexéndose pola dita normativa, para os efectos do mantemento da súa clasificación nos mesmos termos en que foi outorgada.

Os procedementos de revisión da clasificación que, ao abeiro do disposto no número 3 do artigo 70 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, se inicien con posterioridade á entrada en vigor do presente real decreto rexeranse polas disposicións vixentes na data de inicio do procedemento, salvo nos casos de procedementos iniciados de oficio en que se constate que o interesado mantén as condicións de solvencia que determinaron a obtención da súa clasificación nos termos vixentes no momento da súa obtención, circunstancia que dará lugar ao arquivamento do expediente.

Disposición transitoria quinta. *Expedientes de clasificación e de revisión de clasificación iniciados por solicitude do interesado tras a publicación do real decreto.*

Os preceptos do presente real decreto relativos á tramitación dos expedientes de clasificación ou de revisión de clasificación iniciados por solicitude do interesado serán de aplicación á tramitación e resolución dos expedientes iniciados con data igual ou posterior á de aprobación e publicación pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado dos formularios tipo de solicitude a que se refire o artigo 47 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, logo de adaptación das aplicacións informáticas necesarias para a súa instrumentación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Sen prexuízo do establecido nas súas disposicións transitorias, o presente real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de agosto de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ANEXO II

Correspondencia entre subgrupos de clasificación e códigos CPV dos contratos de servizos

Grupo L**Subgrupo L-1**

CPV	Denominación.
79500000-9	Servizos de axuda nas funcións de oficina.
79521000-2	Servizos de fotocopia.
79550000-4	Servizos de mecanografía, tratamento de textos e autoedición.
79551000-1	Servizos de mecanografía.
79560000-7	Servizos de arquivo.
79570000-0	Servizos de recompilación de listas de enderezos e servizos de envío por correo.
79571000-7	Servizos de envío por correo.

Subgrupo L-3

CPV	Denominación.
79311210-2	Servizos de enquisa telefónica.
72313000-2	Servizos de recollida de datos.
79320000-3	Servizos de enquisas de opinión pública.
79342310-9	Servizos de enquisa a clientes.

Subgrupo L-5

CPV	Denominación.
79950000-8	Servizos de organización de exposicións, feiras e congresos.
79952000-2	Servizos de eventos.
79956000-0	Servizos de organización de feiras e exposicións.

Subgrupo L-6

CPV	Denominación.
98341120-2	Servizos de portaría.
98341130-5	Servizos de conserxaría.

Grupo M**Subgrupo M-1**

CPV	Denominación.
90670000-4	Servizos de desinfección e exterminio en áreas urbanas ou rurais.
90920000-2	Servizos de hixienización de instalacións.
90921000-9	Servizos de desinfección e exterminio.
90922000-6	Servizos de control de pragas.
90923000-3	Servizos de desratización.
90924000-0	Servizos de fumigación.

Subgrupo M-2

CPV	Denominación.
79710000-4	Servizos de seguridade.
79713000-5	Servizos de gardas de seguridade.
79714000-2	Servizos de vixilancia.
98341140-8	Servizos de vixilancia de inmobles.

Subgrupo M-4

CPV	Denominación.
79520000-5	Servizos de reprografía.
79800000-2	Servizos de impresión e servizos conexos.
79810000-5	Servizos de impresión.

79811000-2	Servizos de impresión dixital.
79812000-9	Servizos de impresión de billetes de banco.
79820000-8	Servizos relacionados coa impresión.
79821000-5	Servizos de acabamento de impresións.
79821100-6	Servizos de lectura de probas.
79822000-2	Servizos de composición.
79822100-3	Servizos de estereotipia.
79822200-4	Servizos de fotogravado.
79822300-5	Servizos de tipografía.
79822400-6	Servizos de litografía.
79822500-7	Servizos de deseño gráfico.
79823000-9	Servizos de impresión e entrega.
79824000-6	Servizos de impresión e distribución.
79971000-1	Servizos de encadernación e acabamento de libros.
79971100-2	Servizos de acabamento de libros.
79971200-3	Servizos de encadernación de libros.

Subgrupo M-5

CPV	Denominación.
79995000-5	Servizos de xestión de bibliotecas.
79995100-6	Servizos de arquivamento.
79995200-7	Servizos de catalogación.
92510000-9	Servizos de bibliotecas e arquivos.
92511000-6	Servizos de bibliotecas.
92512000-3	Servizos de arquivos.
92521000-9	Servizos de museos.
92521100-0	Servizos de exposición en museos.

Subgrupo M-6

CPV	Denominación.
55100000-1	Servizos de hostalaría.
55110000-4	Servizos de aloxamento hoteleiro.
55130000-0	Outros servizos hoteleiros.
55240000-4	Servizos de centros de vacacións e fogares de vacacións.
55241000-1	Servizos de centros de vacacións.
55242000-8	Servizos de fogares de vacacións.
55243000-5	Servizos de colonias de vacacións para nenos.
55270000-3	Servizos prestados por establecementos de aloxamento que ofrecen cama e almorzo.
55321000-6	Servizos de preparación de comidas.
55322000-3	Servizos de elaboración de comidas.
55330000-2	Servizos de cafetería.
55510000-8	Servizos de cantina.
55523100-3	Servizos de comidas para escolas.

Grupo O**Subgrupo O-1**

45261200-6	Traballos de recubrimento e pintura de cubertas.
45261210-9	Traballos de recubrimento.
45261211-6	Colocación de tellas.
45261212-3	Enlousado de tellados.
45261214-7	Revestimento de cubertas con tea asfáltica.
45261220-2	Traballos de pintura e demais traballos de recubrimento de cubertas.
45261221-9	Traballos de pintura de cubertas.
45261222-6	Recubrimento de cubertas con cemento.

45261300-7	Colocación de verteaugas e canlóns.
45261310-0	Colocación de verteaugas.
45261320-3	Colocación de canlóns.
45261400-8	Traballos de revestimento.
45261410-1	Traballos de illamento para tellados.
45261420-4	Traballos de impermeabilización.
45261900-3	Reparación e mantemento de tellados.
45261910-6	Reparación de tellados.
45261920-9	Mantemento de tellados.
45262213-7	Procedemento de rozas nos paramentos.
45262320-0	Traballos de nivelación.
45262321-7	Traballos de nivelación de solos.
45262330-3	Traballos de reparación de formigón.
45262500-6	Traballos de cachotaría e albanelaría.
45262512-3	Traballos con pedra tallada.
45262520-2	Traballos de albanelaría.
45262521-9	Obras de revestimento con ladrillos.
45262522-6	Traballos de cachotaría.
45262650-2	Traballos de revestimento de fachadas.
90690000-0	Servizos de limpeza de pintadas.

Subgrupo O-2

CPV	Denominación.
50225000-8	Servizos de mantemento de vías férreas.
50230000-6	Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados relacionados con estradas e outros equipamentos.
90620000-9	Servizos de limpeza e eliminación de neve.
90630000-2	Servizos de limpeza e eliminación de xeo.

Subgrupo O-3

CPV	Denominación.
50514100-2	Servizos de reparación e mantemento de cisternas.
50514200-3	Servizos de reparación e mantemento de depósitos.
65110000-7	Distribución de auga.
65130000-3	Explotación do fornecemento de auga.
90400000-1	Servizos de rede de sumidoiros.
90913000-0	Servizos de limpeza de tanques e depósitos.
90913100-1	Servizos de limpeza de tanques.
90913200-2	Servizos de limpeza de depósitos.

Subgrupo O-4

CPV	Denominación.
65120000-0	Explotación dunha planta depuradora de auga.
90481000-2	Explotación dunha planta de tratamento de augas residuais.

Subgrupo O-6

CPV	Denominación.
77211500-7	Servizos de mantemento de árbores.
77230000-1	Servizos relacionados coa silvicultura.
77231000-8	Servizos de xestión forestal.
77231100-9	Servizos de xestión de recursos forestais.
77231200-0	Servizos de control de pragas forestais.
77231300-1	Servizos de administración forestal.
77231400-2	Servizos de inventario forestal.
77231500-3	Servizos de seguimento ou avaliación forestal.

77231600-4	Servizos de repoboación forestal.
77231700-5	Servizos de extensión forestal.
77231800-6	Servizos de xestión de viveiros forestais.
77231900-7	Servizos de planificación forestal sectorial.
77310000-6	Servizos de plantación e mantemento de zonas verdes.
77311000-3	Servizos de mantemento de xardíns e parques.
77312000-0	Servizos de roza.
77312100-1	Servizos de eliminación de malezas.
77313000-7	Servizos de mantemento de parques.
77314000-4	Servizos de mantemento de terreos.
77314100-5	Servizos de colocación de céspede.
77315000-1	Traballos de sementeira.
77320000-9	Servizos de mantemento de campos deportivos.
77340000-5	Poda de árbores e sebes.
77341000-2	Poda de árbores.
77342000-9	Poda de sebes.
92531000-2	Servizos de xardíns botánicos.

Grupo P**Subgrupo P-1**

CPV	Denominación.
50232000-0	Servizos de mantemento de instalacións de iluminación pública e semáforos.
50232100-1	Servizos de mantemento de iluminación pública de rúas.
50232110-4	Posta a punto de instalacións de iluminación pública.
50232200-2	Servizos de mantemento de sinais de tráfico.
50411300-2	Servizos de reparación e mantemento de contadores de electricidade.
50411500-4	Servizos de reparación e mantemento de equipamentos industriais de cronomedición.
50532000-3	Servizos de reparación e mantemento de maquinaria eléctrica, aparellos e equipamento asociado.
50532100-4	Servizos de reparación e mantemento de motores eléctricos.
50532200-5	Servizos de reparación e mantemento de transformadores.
50532300-6	Servizos de reparación e mantemento de xeradores.
50532400-7	Servizos de reparación e mantemento de equipamentos de distribución eléctrica.
50711000-2	Servizos de reparación e mantemento de equipamentos eléctricos de edificios.

Subgrupo P-2

CPV	Denominación.
50411100-0	Servizos de reparación e mantemento de contadores de auga.
50411200-1	Servizos de reparación e mantemento de contadores de gas.
50510000-3	Servizos de reparación e mantemento de bombas, válvulas, billas e colectores de metal.
50511000-0	Servizos de reparación e mantemento de bombas.
50511100-1	Servizos de reparación e mantemento de bombas para líquidos.
50511200-2	Servizos de reparación e mantemento de bombas de gas.
50512000-7	Servizos de reparación e mantemento de válvulas.
50513000-4	Servizos de reparación e mantemento de billas.
50514000-1	Servizos de reparación e mantemento de colectores metálicos.
50514100-2	Servizos de reparación e mantemento de cisternas.
50514200-3	Servizos de reparación e mantemento de depósitos.
50514300-4	Servizos de reparación do revestimento dos tubos de encamisado.

Subgrupo P-3

CPV	Denominación.
50720000-8	Servizos de reparación e mantemento de calefacción central.

50721000-5	Posta a punto de instalacións de calefacción.
50730000-1	Servizos de reparación e mantemento de grupos refrixeradores.
Subgrupo P-5	
CPV	Denominación.
50413100-4	Servizos de reparación e mantemento de equipos detectores de gas.
50413200-5	Servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios.
Subgrupo P-7	
CPV	Denominación.
50740000-4	Servizos de reparación e mantemento de escaleiras mecánicas.
50750000-7	Servizos de mantemento de ascensores.
Grupo Q	
Subgrupo Q-1	
CPV	Denominación.
50531000-6	Servizos de reparación e mantemento de maquinaria non eléctrica.
50531100-7	Servizos de reparación e mantemento de caldeiras.
50531200-8	Servizos de mantemento de aparellos de gas.
50531300-9	Servizos de reparación e mantemento de compresores.
50531400-0	Servizos de reparación e mantemento de guindastres.
50531500-1	Servizos de reparación e mantemento de guindastres <i>derrick</i> .
Subgrupo Q-2	
CPV	Denominación.
50100000-6	Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados de vehículos e equipo conexo.
50110000-9	Servizos de reparación e mantemento de vehículos de motor e equipo asociado.
50111000-6	Servizos de administración, reparación e mantemento de parque de vehículos.
50111100-7	Servizos de xestión de parque de vehículos.
50111110-0	Servizos de soporte de parque de vehículos.
50112000-3	Servizos de reparación e mantemento de automóviles.
50112100-4	Servizos de reparación de automóviles.
50112110-7	Servizos de reparación de carrozarías de vehículos.
50112111-4	Servizos de chapistaría.
50112120-0	Servizos de substitución de parabrisas.
50112200-5	Servizos de mantemento de automóviles.
50112300-6	Servizos de lavado de automóviles e similares.
50113000-0	Servizos de reparación e mantemento de autobuses.
50113100-1	Servizos de reparación de autobuses.
50113200-2	Servizos de mantemento de autobuses.
50114000-7	Servizos de reparación e mantemento de camións.
50114100-8	Servizos de reparación de camións.
50114200-9	Servizos de mantemento de camións.
50115000-4	Servizos de reparación e mantemento de motocicletas.
50115100-5	Servizos de reparación de motocicletas.
50115200-6	Servizos de mantemento de motocicletas.
50116000-1	Servizos de mantemento e reparación relacionados con partes específicas de vehículos.
50116100-2	Servizos de reparación de sistemas eléctricos.
50116200-3	Servizos de reparación e mantemento de freos e partes de freos de vehículos.
50116300-4	Servizos de reparación e mantemento de caixas de cambio de vehículos.
50116400-5	Servizos de reparación e mantemento de transmisións de vehículos.
50116500-6	Servizos de reparación de pneumáticos, incluídos o axuste e o equilibrado de rodas.

50116510-9	Servizos de recauchutado de pneumáticos.
50116600-7	Servizos de reparación e mantemento de motores de arranque.
50117000-8	Servizos de transformación e reacondicionamento de vehículos.
50117100-9	Servizos de transformación de vehículos.
50117200-0	Servizos de transformación de ambulancias.
50117300-1	Servizos de reacondicionamento de vehículos.
50118100-6	Servizos de reparación de avarías e recuperación de automóviles.
50118200-7	Servizos de reparación de avarías e recuperación de vehículos comerciais.
50118300-8	Servizos de reparación de avarías e recuperación de autobuses.
50118400-9	Servizos de reparación de avarías e recuperación de vehículos de motor.
50118500-0	Servizos de reparación de avarías e recuperación de motocicletas.
50210000-0	Servizos de reparación e mantemento e servizos asociados relacionados con aeronaves e outros equipos.
50211000-7	Servizos de reparación e mantemento de aeronaves.
50211100-8	Servizos de mantemento de aeronaves.
50211200-9	Servizos de reparación de aeronaves.
50211210-2	Servizos de reparación e mantemento de motores de aviación.
50211211-9	Servizos de mantemento de motores de aviación.
50211212-6	Servizos de reparación de motores de aviación.
50211300-0	Servizos de reacondicionamento de aeronaves.
50211310-3	Servizos de reacondicionamento de motores de aviación.
50212000-4	Servizos de reparación e mantemento de helicópteros.
50221000-0	Servizos de reparación e mantemento de locomotoras.
50221100-1	Servizos de reparación e mantemento de caixas de cambio de locomotoras.
50221200-2	Servizos de reparación e mantemento de sistemas de transmisión de locomotoras.
50221300-3	Servizos de reparación e mantemento de eixes de locomotoras.
50221400-4	Servizos de reparación e mantemento de freos e partes de freos de locomotoras.
50222000-7	Servizos de reparación e mantemento de material móbil.
50222100-8	Servizos de reparación e mantemento de amortecedores.
50223000-4	Servizos de reacondicionamento de locomotoras.
50224000-1	Servizos de reacondicionamento de material móbil.
50224100-2	Servizos de reacondicionamento de asentos de material móbil.
50224200-3	Servizos de reacondicionamento de coches de pasaxeiros.
50241000-6	Servizos de reparación e mantemento de buques.
50241100-7	Servizos de reparación de barcos.
50241200-8	Servizos de reparación de transbordadores.
50242000-3	Servizos de transformación de buques.
50244000-7	Servizos de reacondicionamento de buques ou barcos.
50245000-4	Servizos de modernización de buques.

Grupo R**Subgrupo R-1**

CPV	Denominación.
60120000-5	Servizos de taxi.
60130000-8	Servizos especiais de transporte de pasaxeiros por estrada.
60140000-1	Transporte non regular de pasaxeiros.

Subgrupo R-2

CPV	Denominación.
85143000-3	Servizos de ambulancia.

Subgrupo R-5

CPV	Denominación.
90511000-2	Servizos de recollida de refugallo.
90511100-3	Servizos de recollida de refugallo sólido urbano.

90511200-4	Servizos de recollida de refugallo doméstico.
90511300-5	Servizos de recollida de lixo.
90511400-6	Servizos de recollida de papel.
90512000-9	Servizos de transporte de refugallo.

Subgrupo R-6

CPV	Denominación.
60441000-1	Servizos de pulverización aérea.
60442000-8	Servizos de extinción aérea de incendios forestais.
60443000-5	Servizos de rescate aéreo.

Subgrupo R-9

CPV	Denominación.
60160000-7	Transporte de correspondencia por estrada.
60220000-6	Transporte de correspondencia por ferrocarril.
64100000-7	Servizos postais e de correo rápido.
64110000-0	Servizos postais.
64111000-7	Servizos postais relacionados con xornais e revistas.
64112000-4	Servizos postais relacionados con cartas.
64113000-1	Servizos postais relacionados con paquetes.
64114000-8	Servizos de portelo de correos.
64115000-5	Alugamento de apartados de correos.
64116000-2	Servizos de listaxe de correos.
64120000-3	Servizos de correo rápido.
64121000-0	Servizos multimodais de correo.
64121100-1	Servizos de distribución postal.
64121200-2	Servizos de distribución de paquetes.
64122000-7	Servizos de correo interno.

Grupo T**Subgrupo T-1**

CPV	Denominación.
79341000-6	Servizos de publicidade.
79341100-7	Servizos de consultoría en publicidade.
79341200-8	Servizos de xestión publicitaria.
79341400-0	Servizos de campañas de publicidade.
79341500-1	Servizos de publicidade aérea.

Subgrupo T-5

CPV	Denominación.
79530000-8	Servizos de tradución.
79540000-1	Servizos de interpretación.

Grupo U**Subgrupo U-1**

CPV	Denominación.
90610000-6	Servizos de limpeza e varrida de rúas.
90611000-3	Servizos de limpeza de rúas.
90612000-0	Servizos de varrida de rúas.
90640000-5	Servizos de limpeza e baleiramento de sumidoiros.
90641000-2	Servizos de limpeza de sumidoiros.
90642000-9	Servizos de baleiramento de sumidoiros.
90680000-7	Servizos de limpeza de praias.
90911000-6	Servizos de limpeza de vivendas, edificios e ventás.
90911100-7	Servizos de limpeza de vivendas.

90911200-8	Servizos de limpeza de edificios.
90911300-9	Servizos de limpeza de ventás.
90914000-7	Servizos de limpeza de aparcadoir.
90919200-4	Servizos de limpeza de oficinas.
90919300-5	Servizos de limpeza de escolas.

Subgrupo U-4**CPV****Denominación.**

63500000-4	Servizos de axencia de viaxes, operadores turísticos e asistencia ao turista.
63510000-7	Servizos de axencias de viaxes e servizos similares.
63511000-4	Organización de viaxes combinados.
63512000-1	Servizos de venda de billetes e de viaxes combinadas.
63515000-2	Servizos de viaxes.
63516000-9	Servizos de xestión de viaxes.

Subgrupo U-8**CPV****Denominación.**

79510000-2	Servizos de contestación de chamadas telefónicas.
79511000-9	Servizos de operador telefónico.
79512000-6	Centro de chamadas.

Grupo V**Subgrupo V-3****CPV****Denominación.**

50312000-5	Mantemento e reparación de equipo informático.
50312100-6	Mantemento e reparación de ordenadores «mainframe».
50312110-9	Mantemento de ordenadores «mainframe».
50312120-2	Reparación de ordenadores «mainframe».
50312200-7	Mantemento e reparación de miniordenadores.
50312210-0	Mantemento de miniordenadores.
50312220-3	Reparación de miniordenadores.
50312300-8	Mantemento e reparación de equipos de redes de datos.
50312310-1	Mantemento de equipos de redes de datos.
50312320-4	Reparación de equipos de redes de datos.
50312400-9	Mantemento e reparación de microordenadores.
50312410-2	Mantemento de microordenadores.
50312420-5	Reparación de microordenadores.
50312600-1	Mantemento e reparación de equipo de tecnoloxía da información.
50312610-4	Mantemento de equipo de tecnoloxía da información.
50312620-7	Reparación de equipo de tecnoloxía da información.
50314000-9	Servizos de reparación e mantemento de máquinas telecopiadoras.
50315000-6	Servizos de reparación e mantemento de contestadores telefónicos.
50320000-4	Servizos de reparación e mantemento de ordenadores persoais.
50321000-1	Servizos de reparación de ordenadores persoais.
50322000-8	Servizos de mantemento de ordenadores persoais.
50323000-5	Mantemento e reparación de periféricos informáticos.
50323100-6	Mantemento de periféricos informáticos.
50323200-7	Reparación de periféricos informáticos.
50324100-3	Servizos de mantemento de sistemas.
50324200-4	Servizos de mantemento preventivo.
50330000-7	Servizos de mantemento de equipo de telecomunicación.
50331000-4	Servizos de reparación e mantemento de liñas de telecomunicación.
50332000-1	Servizos de mantemento de infraestrutura de telecomunicacións.
50333000-8	Servizos de mantemento de equipo de radiocomunicacións.
50333100-9	Servizos de reparación e mantemento de radiotransmisores.

50333200-0	Reparación e mantemento de aparellos de radiotelefonía.
50334000-5	Servizos de reparación e mantemento de equipos de telefonía por fío e telegrafía por fío.
50334100-6	Servizos de reparación e mantemento de equipos de telefonía por fío.
50334110-9	Servizos de mantemento de redes telefónicas.
50334120-2	Servizos de actualización de equipos de conmutación telefónica.
50334130-5	Servizos de reparación e mantemento de aparellos de conmutación telefónica.
50334140-8	Servizos de reparación e mantemento de aparellos telefónicos.
50334200-7	Servizos de reparación e mantemento de equipos de telegrafía por cable.
50334300-8	Servizos de reparación e mantemento de equipos de télex por cable.
50334400-9	Servizos de mantemento de sistemas de comunicacións.

Subgrupo V-4**CPV****Denominación.**

64200000-8	Servizos de telecomunicacións.
64210000-1	Servizos telefónicos e de transmisión de datos.
64211000-8	Servizos de teléfonos públicos.
64211100-9	Servizos de telefonía local.
64211200-0	Servizos de telefonía de longa distancia.
64212000-5	Servizos de telefonía móbil.
64212100-6	Servizos do servizo de mensaxes curtas (SMS).
64212200-7	Servizos do servizo de mensaxaría multimedia (EMS).
64212300-8	Servizos do servizo de mensaxes multimedia (MMS).
64212400-9	Servizos do protocolo de acceso sen cable (WAP).
64212500-0	Servizos do servizo xeral de radio por paquetes (GPRS).
64212600-1	Servizos de datos ampliados para a evolución de GSM (EDGE).
64212700-2	Servizos do sistema universal de telefonía móbil (UMTS).
64212800-3	Servizos de provedor de telefonía de pagamento.
64213000-2	Servizos de redes telefónicas comerciais compartidas.
64214000-9	Servizos de redes telefónicas comerciais especializadas.
64214100-0	Servizos de alugamento de circuítos por satélite.
64214400-3	Alugamento de liñas terrestres de comunicación.
64215000-6	Servizos telefónicos «IP».
64216000-3	Servizos de mensaxaría e de información electrónicas.
64216100-4	Servizos de mensaxaría electrónica.
64216110-7	Servizos de intercambio electrónico de datos.
64216120-0	Servizos de correo electrónico.
64216130-3	Servizos de télex.
64216140-6	Servizos de telegrafía.
72318000-7	Servizos de transmisión de datos.
72400000-4	Servizos de internet.
72410000-7	Servizos de provedor.
72411000-4	Provedor de servizos de internet (PSI).
72412000-1	Provedor de servizos de correo electrónico.

Subgrupo V-5**CPV****Denominación.**

72315200-8	Servizos de xestión de redes de datos.
72415000-2	Servizos de hospedaxe de operación de sitios web www.
72514000-1	Servizos de xestión de instalacións informáticas.
72514100-2	Servizos de explotación de instalacións que entrañan o manexo de ordenadores.
72514200-3	Servizos de xestión de instalacións para o desenvolvemento de sistemas informáticos.
72514300-4	Servizos de xestión de instalacións para o mantemento de sistemas informáticos.
72910000-2	Servizos de copia de seguridade.